

# Celga

Certificado  
Lingua  
Galega






## Proba A1

Coa información que se lle ofrece na reportaxe que acaba de escoitar, escríballe unha mensaxe electrónica de **200 palabras** á súa sobriña de 15 anos, que quere poñer un aro na cella, expoñendo as razóns polas que debe ter coidado con estas prácticas.

No texto debe constar:

- A súa opinión sobre a decisión da súa sobriña; en caso de estar de acordo, anímea para que o faga seguindo as normas de seguridade esixidas; de estar en desacordo, trate de convencela para que non o faga.
- Polo menos tres dos riscos que pode sufrir ao facer un piércing.
- Tres das normas de hixiene necesarias que debe cumprir o centro onde decida facer o piércing.
- Apoie a súa opinión contándolle un caso que coñeza.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.



## Proba A2

Vostede acaba de instalar no seu domicilio un servizo de televisión e Internet que, logo de funcionar ben durante dous días, empeza a dar problemas e non dá visto todas as canles de televisión. Chamou ao servizo de reparacións e non lle dan solucións, así que decide enviarlle un informe ao servizo de atención ao cliente a través da web da empresa.

Baseándose na información que se lle dá na publicidade e na garantía, escriba un texto de **200 palabras** no que debe constar:

- A descrición do servizo que contratou.
- O mal funcionamento do aparello.
- A falta de asistencia técnica.
- A esixencia dunha nova instalación ou a devolución íntegra do diñeiro investido, argumentando coa información que lle deron ou, en caso contrario, as medidas que vostede tomará para solucionar o problema.

*Internet e televisión dixital na súa casa:*

- *Internet 20 megas sen límites.*
- *Máis de 100 canles de televisión dixital.*
- *Chamadas a fixos gratis.*
- *Servizo de instalación e mantemento gratuito.*
- *A mellor relación calidade-prezo do mercado.*

### **Reparación en garantía**

Recorde que cando adquire un produto, tamén ten dereito a esixir a reparación dese produto se se estraga, sempre e cando non fixera un uso indebido del. Asegúrese de que a marca ten un axeitado servizo de asistencia técnica. Conserve, xunto ao manual de instrucións dos aparatos que compre, a tarxeta de garantía e a factura ou recibo de compra.


Durante os primeiros seis meses de garantía dun produto novo presuponse que o dano ou avaría vén de fábrica e que o vendedor debe asumir os gastos da reparación, tanto pezas e traslado como horas de traballo. Se pasaron eses seis meses, é o consumidor quen debe demostrar que o fallo vén de orixe e que non foi provocado por un mal uso do produto (se así o require o vendedor).

Non manipule o aparato, porque perderá o dereito de reclamar, aínda que o defecto proveña de fábrica.

O tempo da garantía queda en suspenso durante o tempo que o electrodoméstico estea en reparación.

A garantía legal e obrigatoria do fabricante é de dous anos.

Saiba que pode esixir unha indemnización polas perdas ou danos derivados da avaría e polo tempo de reparación. Isto é, se adquire unha neveira e se lle estraga á semana de comprala, amais de solicitar que se faga efectiva a garantía, pode esixir unha indemnización polos alimentos que se estragaron polo mal funcionamento do electrodoméstico.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.